

1. TÍTULO DO PROGRAMA/ AXUDA

SUBVENCIÓN PARA O FOMENTO DA CREACIÓN E EXPANSIÓN DE CADEAS SUCURSALISTAS, DA MELLORA DOS ESTABLECEMENTOS COMERCIAIS E DA SÚA IMAXE

2. FINALIDADE / OBXECTIVO

A MELLORA DA COMPETITIVIDADE DO COMERCIO GALEGO A TRAVÉS DE ACTUACIÓNS ENCAMIÑADAS Á:

1. ADECUACIÓN FÍSICA DAS INSTALACIÓNS E LOCAIS COMERCIAIS, INCLUÍNDO ACTUACIÓNS QUE CONTRIBÚAN A UN CONSUMO EFICIENTE DE ENERXÍA
2. MELLORA DA IMAXE COMERCIAL.

POTENCIAR A CREACIÓN, IMPLANTACIÓN E EXPANSIÓN DAS CADEAS SUCURSALISTAS, E DO COMERCIO RETALLISTA DO TEXTIL, CALZADO E XOIARÍAS, NOS CONXUNTOS HISTÓRICOS DAS VILAS E CIDADES

3. TIPOS DE APOIO

SUBVENCIÓNS A FONDO PERDIDO, EN RÉXIME DE CONCORRENCIA COMPETITIVA.

4. BENEFICIARIOS POTENCIAIS

PARA REFORMA E/OU AMPLIACION DO LOCAL COMERCIAL OU PARA MELLORAR A IMAXE COMERCIAL DOS ESTABLECEMENTOS OS BENEFICIARIOS DEBERÁN CUMPRIR OS SEGUINTES REQUISITOS:

COMERCIANTES RETALLISTAS, XA SEXAN PERSOAS FÍSICAS OU XURÍDICAS, COMUNIDADES DE BENS OU CALQUERA OUTRO TIPO DE UNIDADE ECONÓMICA OU PATRIMONIO SEPARADO SEN PERSONALIDADE XURÍDICA.

- QUE DESENVOLVAN A SÚA ACTIVIDADE COMERCIAL EN GALICIA E O SEU ENDEREZO SOCIAL E FISCAL RADIQUE NESTA COMUNIDADE AUTÓNOMA.
- QUE TENDO A CONDICIÓ DE PEME, EMPREGUEN MENOS DE 20 TRABALLADORES E NON TEÑAN A CONSIDERACIÓN DE GRANDE ESTABLECEMENTO COMERCIAL SEGUNDO A NORMATIVA APLICABLE.
- QUE A SÚA ACTIVIDADE PRINCIPAL SE CORRESPONDA COAS ACTIVIDADES DO **CNAE-2009** RELACIONADOS NO ANEXO VII. NO CASO DE QUE ESTEA DADO DE ALTA EN 2 OU MÁIS EPÍGRAFES DO CNAE, ENTENDERASE COMO PRINCIPAL AQUELA ACTIVIDADE QUE COMPORTE UNHA MAIOR FACTURACIÓN E, SE NON É POSIBLE DETERMINALO, ATENDERASE Á SUPERFICIE DE VENDA DESTINADA A CADA ACTIVIDADE
- NON ESTAR INCURSOS EN NINGUNHA DAS CIRCUNSTANCIAS PREVISTAS NO ARTIGO 10 DA LEI 9/2007, DO 13 DE XUÑO, DE SUBVENCIÓNS DE GALICIA

PARA A CREACIÓN , IMPLANTACIÓN E EXPANSIÓN DE CADEAS SUCURSALISTAS DE COMERCIO RETALLISTA, ASÍ COMO DE ESTABLECEMENTOS COMERCIAIS DO TEXTIL, CALZADO E XOIARÍAS, EN LOCAIS DESOCUPADOS DE CONXUNTOS HISTÓRICOS OS REQUISITOS SON OS SEGUINTES:

A) COMERCIANTES RETALLISTAS, XA SEXAN PERSOAS FÍSICAS OU XURÍDICAS, COMUNIDADES DE BENS OU CALQUERA OUTRO TIPO DE UNIDADE ECONÓMICA OU PATRIMONIO SEPARADO SEN PERSONALIDADE XURÍDICA.

- **QUE DESENVOLVAN A SÚA ACTIVIDADE COMERCIAL EN GALICIA E O SEU ENDEREZO SOCIAL E FISCAL RADIQUE NESTA COMUNIDADE AUTÓNOMA.**
- **QUE TENDO A CONDICIÓN DE PEME, EMPREGUEN MENOS DE 20 TRABALLADORES E NON TEÑAN A CONSIDERACIÓN DE GRANDE ESTABLECIMENTO COMERCIAL SEGUNDO A NORMATIVA APLICABLE.**
- **QUE A SÚA ACTIVIDADE PRINCIPAL SE CORRESPONDA COAS ACTIVIDADES DO CNAE-2009 RELACIONADOS NO ANEXO VII.**
 - **CODIGO 4771: comercio polo miúdo de roupa de vestir en establecementos especializados**
 - **CODIGO 4772: comercio polo miúdo de calzado e artigos de coiro en establecementos especializados**
 - **CODIGO 4777: comercio polo miúdo de artigos de reloxaía e xoiaría en establecementos especializados.**

NO CASO DE QUE ESTÉ DADO DE ALTA EN 2 OU MÁIS EPÍGRAFES DO CNAE, ENTENDERASE COMO PRINCIPAL AQUELA ACTIVIDADE QUE COMPORTE UNHA MAIOR FACTURACIÓN E, SE NON É POSIBLE DETERMINALO, ATENDERASE Á SUPERFICIE DE VENDA DESTINADA A CADA ACTIVIDADE

➤ **QUE SE INSTALEN EN LOCAIS DESOCUPADOS DE CONXUNTOS HISTÓRICOS DE POBOACIÓNS DE GALICIA**

- **NON ESTAR INCURSOS EN NINGUNHA DAS CIRCUNSTANCIAS PREVISTAS NO ARTIGO 10 DA LEI 9/2007, DO 13 DE XUÑO, DE SUBVENCIÓNS DE GALICIA**

B) CADEAS SUCURSALISTAS DE COMERCIO RETALLISTA QUE CUMPRAN OS SEGUINTES REQUISITOS

- **QUE DESENVOLVAN A SÚA ACTIVIDADE COMERCIAL EN GALICIA E O SEU ENDEREZO SOCIAL E FISCAL RADIQUE NESTA COMUNIDADE AUTÓNOMA.**
- **QUE TENDO A CONDICIÓN DE PEME, EMPREGUEN MENOS DE 20 TRABALLADORES E NON TEÑAN A CONSIDERACIÓN DE GRANDE ESTABLECIMENTO COMERCIAL SEGUNDO A NORMATIVA APLICABLE.**
- **QUE A SÚA ACTIVIDADE PRINCIPAL SE CORRESPONDA COAS ACTIVIDADES DO CNAE-2009 RELACIONADOS NO ANEXO VII. NO CASO DE QUE ESTEA DADO DE ALTA EN 2 OU MÁIS EPÍGRAFES DO CNAE, ENTENDERASE COMO PRINCIPAL AQUELA ACTIVIDADE QUE COMPORTE UNHA MAIOR FACTURACIÓN E, SE NON É POSIBLE DETERMINALO, ATENDERASE Á SUPERFICIE DE VENDA DESTINADA A CADA ACTIVIDADE**
- **QUE SE INSTALEN EN LOCAIS DESOCUPADOS DE CONXUNTOS HISTÓRICOS DE POBOACIÓNS DE GALICIA**
- **NON ESTAR INCURSOS EN NINGUNHA DAS CIRCUNSTANCIAS PREVISTAS NO ARTIGO 10 DA LEI 9/2007, DO 13 DE XUÑO, DE SUBVENCIÓNS DE GALICIA.**

5. SECTORES INCENTIVABLES

ACTIVIDADES COMERCIAIS RELACIONADAS NO ANEXO VII DA ORDE DE CONVOCATORIA.

6. REQUISITOS PRINCIPAIS DO PROXECTO

OS CRITERIOS DE VALORACIÓN QUE SERVIRÁN DE BASE PARA A DETERMINACIÓN DA SUBVENCIÓN SERÁN OS SEGUINTE:

- A calidade do proxecto e coherencia na súa estrutura, a adecuación dos obxectivos e necesidade da actuación que se vai subvencionar, de 0 a 10 puntos
- Certificación de calidade do servizo para o pequeno comercio segundo a norma UNE 175001-1, 3 puntos.
- Posta a disposición dos clientes de medios de pagamento electrónicos, 1 punto.
- Adhesión ao sistema arbitral de consumo, 1 punto
- Integración nunha asociación de comerciantes, empresarios ou nun centro comercial aberto, 1 punto
- O compromiso de utilización da lingua galega en todas as relacións que o interesado manteña coa Administración autonómica, así como de uso e posterior utilización da lingua galega nas accións subvencionables, que se acreditará mediante a presentación que se inclúe no anexo V, 1 punto.
- Solicitud presentada correctamente, 1 punto.

PARA ACADAR A SUBVENCIÓN SERÁ NECESARIO OBTENIR UNHA PUNTUACIÓN IGUAL OU MAIOR DE 9 PUNTOS

7. CUALIFICACIÓN REQUERIDA DO PROXECTO

CONSIDERARANSE ACTUACIÓN SUBVENCIONABLES TODAS AS ACCIÓNS REALIZADAS E EFECTIVAMENTE PAGADAS DENDE O 1 DE XANEIRO DE 2010 ATA O 30 DE NOVEMBRO DE 2010.

8. INVERSIÓN E/OU GASTOS COMPUTABLES

1. REFORMA E/OU AMPLIACIÓN DO LOCAL COMERCIAL, sempre que a superficie resultante non supere os 300 metros cadrados, (Esta limitación non resulta de aplicación ós establecementos con actividades comprendidas no código CNAE- 4759 Comercio polo miúdo de mobles, aparellos de iluminación e outros artigos de uso doméstico en establecementos especializados) **MELLORA DE ILLAMENTOS E EQUIPAMENTOS DE AFORRO DE ENERXÍA E AUGA**

2. MEDIDAS ORIENTADAS Á MELLORA DA IMAXE DOS ESTABLECEMENTOS COMERCIAIS, QUE AFECTEN OS PUNTOS DE VENTA QUE SE DESCRIBEN A CONTINUACIÓN

- a) A contratación de servizos exteriores de escaparatismo
- b) Instalación de letreiros luminosos e rótulos exteriores
- c) Adquisición de moblaxe, elementos de decoración e calquera outro tipo de equipamento comercial, con exclusión do equipamento informático

3. A CREACIÓN, IMPLANTACIÓN E EXPANSIÓN DE CADEAS SUCURSALISTAS DE COMERCIO RETALLISTA, ASÍ COMO DE ESTABLECEMENTOS COMERCIAIS DO TÉXTIL, CALZADO E XOIARÍA, EN LOCAIS DESOCUPADOS DE CONXUNTOS HISTÓRICOS DE

POBOACIÓNS QUE ESTIVISEN DECLARADOS E INSCRITOS NO REGISTRO DE BENS DE INTERESE CULTURAL DE GALICIA, NOS TERMOS QUE ESTABECE A LEI 8/1995, DO 30 DE OUTUBRO, DO PATRIMONIO CULTURAL DE GALICIA

QUEDAN EXPRESAMENTE EXCLUÍDOS DO ÁMBITO DE APLICACIÓN DESTAS AXUDAS OS IMPOSTOS RECUPERABLES OU REPERCUTIBLES POLO BENEFICIARIO.

9. CONTÍA DAS AXUDAS

1. PARA AS ACTUACIÓNS ENCAMIÑADAS Á REFORMA E /OU AMPLIACIÓN DO LOCAL COMERCIAL

A PORCENTAXE DE SUBVENCIÓN PODERÁ ACADAR ATA O **70% DO INVESTIMENTO MÁXIMO** SUBVENCIÓNABLE, CUNHA **CONTÍA MÁXIMA DE 20.000 €** IVE EXCLUÍDO.

2. PARA AS ACTUACIÓNS RELATIVAS ÁS MEDIDAS DE MELLORA DA IMAXE COMERCIAL

A PORCENTAXE DE SUBVENCIÓN PODERÁ ACADAR ATA O **50% DO INVESTIMENTO MÁXIMO** SUBVENCIÓNABLE , CUNHA **CONTÍA MÁXIMA DE 12.000 €** IVE EXCLUÍDO.

3. PARA AS ACTUACIÓNS RELATIVAS Á CREACIÓN, IMPLANTACIÓN E EXPANSIÓN DE CADEAS SUCURSALISTAS

A PORCENTAXE DE SUBVENCIÓN PODERÁ ACADAR ATA O **50% DO INVESTIMENTO MÁXIMO** SUBVENCIÓNABLE , CUNHA **CONTÍA MÁXIMA DE 20.000 €** IVE EXCLUÍDO.

10. PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

O PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES REMATARÁ **O 23 DE XULLO DE 2010**. OS FORMULARIOS DE SOLICITUDE DEBERÁN CUBRIRSE, VALIDARSE E IMPRIMIRSE A TRAVÉS DA APLICACIÓN INFORMÁTICA **AXUDAS VIRTUAL** (*procedemento IN217A*)

A SOLICITUDE DEBERÁ INCORPORAR TODA A DOCUMENTACIÓN RELACIONADA NO **ARTIGO 4º DESTA ORDE**

11. INCOMPATIBILIDADES

O IMPORTE DA AXUDA EN NINGÚN CASO PODERÁ SER DE TAL CONTÍA QUE, ILLADA OU EN CONCORRENCIA CON OUTRAS AXUDAS DAS DISTINTAS ADMINISTRACIÓNS OU CALQUERA DOS SEUS ENTES PÚBLICOS OU PRIVADOS, NACIONAIS OU INTERNACIONAIS, SUPERE O 100% DO INVESTIMENTO SUBVENCIÓNABLE. AS AXUDAS PREVISTAS NESTA ORDE SERÁN INCOMPATIBLES CON CALQUERA OUTRA DAS REGULADAS POR ESTA CONSELLERÍA PARA OS MESMOS CONCEPTOS.

12. REFERENCIA LEXISLATIVA

ORDE DO 3 DE XUÑO DE 2010 DA CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA, PUBLICADA NO D.O.G. DE 23 DE XUÑO DE 2010

13. INFORMACIÓN E TRAMITACIÓN EN

DIRECCIÓN XERAL DE COMERCIO

- a) Páxina web da Consellería. <http://economiaeindustria.xunta.es>, na epígrafe de axudas e na oficina virtual
- b) No teléfono 981 54 54 18
- c) cei.dxcomercio@xunta.es
- d) Presencialmente

14. OBSERVACIÓNS

EN CANTO Á XUSTIFICACIÓN DOS PAGAMENTOS, ESTES ACREDITARANSE A TRAVÉS DE TRANSFERENCIA BANCARIA, CERTIFICACIÓN BANCARIA OU EXTRACTO DE PAGAMENTO COMPRENDIDO ENTRE A DATA DE INICIO DO PROXECTO E A DATA LÍMITE DA XUSTIFICACIÓN. NESTES DOCUMENTOS DEBERÁN QUEDAR CLARAMENTE IDENTIFICADOS O RECEPTOR E O EMISOR DO PAGAMENTO. NON SE ADMITIRÁN PAGAMENTOS EN EFECTIVO NIN OS XUSTIFICANTES OBTIDOS A TRAVÉS DE INTERNET SE NON ESTÁN VALIDADOS POLA ENTIDADE BANCARIA OU DISPOÑEN DE CÓDIGOS PARA A SÚA VERIFICACIÓN POR TERCEIROS NA SEDE ELECTRÓNICA DA DITA ENTIDADE BANCARIA

- NO CASO DE REALIZACIÓN DE OBRAS, CANDO O INVESTIMENTO SUPERE OS 18.000 € PRESENTARASE OBRIGATORIAMENTE, NA FASE DE XUSTIFICACIÓN DA SUBVENCIÓN UN PROXECTO TÉCNICO VISADO, QUE PODERÁ SUSTITUIR, NO MOMENTO DA SOLICITUDE Á MEMORIA DAS ACTIVIDADES RECOLLIDA NO ARTIGO 4.18º**
- NO CASO DE REALIZACIÓN DE OBRAS QUE SUPEREN OS 12.000€ PRESENTARASE A MEMORIA DE FINAL DE OBRA ASINADA POR TÉCNICO COMPETENTE**

CANDO O IMPORTE DO GASTO SUBVENCIÓNABLE SUPERE A CONTÍA DE 30.000€ PARA EXECUCIÓN DE OBRA, OU DE 12.000 € NO SUPOSTO DE SUBMINISTRACIÓN DE BENS DE EQUIPAMENTO OU PRESTACIÓN DE SERVIZOS POR EMPRESAS DE CONSULTORÍA OU ASISTENCIA TÉCNICA, O BENEFICIARIO DEBERÁ SOLICITAR COMO MÍNIMO 3 OFERTAS DE DIFERENTES PROVEDORES, CON CARÁCTER PREVIO Á CONTRATACIÓN DO COMPROMISO PARA A PRESTACIÓN DO SERVIZO OU A ENTREGA DO BEN, SALVO QUE, POLAS ESPECIAIS CARACTERÍSTICAS DOS GASTOS SUBVENCIÓNABLES, NON EXISTA NO MERCADO SUFICIENTE NÚMERO DE ENTIDADES QUE O SUBMINISTREN.

A ELECCIÓN ENTRE AS OFERTAS PRESENTADAS, QUE DEBERÁN ACHEGARSE COA SOLICITUDE, REALIZARASE DE CONFORMIDADE CON CRITERIOS DE EFICIENCIA E ECONOMÍA, E DEBERÁ XUSTIFICARSE EXPRESAMENTE NUNHA MEMORIA A ELECCIÓN CANDO NON RECAIA NA PROPOSTA ECONÓMICA MÁIS VANTAXOSA.

O PAGAMENTO DA SUBVENCIÓN QUEDARÁ CONDICIONADO Á PRESENTACIÓN, NOS LUGARES SINALADOS NO ARTIGO 3º DA CONVOCATORIA E ATA O 30 DE NOVEMBRO DE 2010, DO ORIXINAL OU COPIA COMPULSADA DA DOCUMENTACIÓN RECOLLIDA NO ARTIGO 16º DESTA ORDE

O IMPORTE ANUAL DAS SUBVENCIÓNS ABOARASE NUN ÚNICO PAGAMENTO, E REALIZARASE POLA PARTE PROPORCIONAL DA CONTÍA DA SUBVENCIÓN EFECTIVAMENTE XUSTIFICADA, SEMPRE QUE SE XUSTIFIQUE UN MÍNIMO DO 40% DO IMPORTE ESTABLECIDO NA RESOLUCIÓN DA CONCESIÓN

FEDERACION
GALEGA DE
COMERCIO 